

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**, relativa á situación laboral das persoas con diversidade funcional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, máis de un 8% da poboación galega presenta unha discapacidade igual ou superior ó 33% durante o ano pasado. Falamos por tanto, de unha porcentaxe de poboación moi importante e que necesita o apoio das administracións públicas para favorecer a súa inclusión no mercado laboral.

O artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, indica que será necesario para aquelas empresas de máis de 50 traballadores, tanto públicas como privadas, reservar polo menos 2 de cada 100 postos para persoas de diversidade funcional. A situación hoxe en día é moi distinta á que di a lei, xa que estudos recentes indican que esta norma non é cumprida polo 80% das empresas españolas. Dende En Marea so queremos que se defenda a normativa legal vixente, e que se loite polo cumprimento da cota de reservas para persoas con discapacidade, tanto no sector público como no privado.

A administración pública autonómica, no seu afán por mellorar na integración deste sector, debe conseguir que a taxa de traballadores con diversidade funcional na Xunta de Galicia, chegue como mínimo ó 2%. Ademais, a Xunta de Galicia

non debe permitir que aquelas empresas que incumpren coa normativa da reserva de cotas, poidan conseguir contratos coa Xunta ou que non teña acceso a subvencións ou outros beneficios fiscais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de en Marea formula a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Defender o cumprimento da cota de reserva establecida no art. 42 del Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
2. Que sexa imprescindible acreditar o cumprimento da cota de reserva ou das medidas alternativas no seu caso para acceder a contratos públicos, subvencións ou beneficios fiscais coa base no establecido no marco legal vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017.

